



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº7/2016, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O 29 DE AGOSTO DE 2016.**

## ASISTENTES

### Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

### Concelleiros/as

#### Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda  
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso  
RAMILO VARELA, Margarita  
BARBEITO REY, Carlos  
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel  
REGUEIRA MOAR, Rubén

#### Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo  
CETINA MOCHALES, Jesús Javier  
BLANCO FIDALGO, Patricia  
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria  
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

#### Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

#### Secretario do Concello

Diego García Doval

## NON ASISTE

#### Interventora do Concello

Noemí González Mato

**HORA DE INICIO:** 10:04

**HORA DE REMATE:** 10:16

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 10:04 horas do 29 de agosto de 2016, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 25 de agosto de 2016, e logo de ver a e necesidade de resolver os asuntos que se tratarán nos prazos esixidos nos respectivos expedientes (singularmente, no texto vixente do artigo 26.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e para posibilitar a notificación das correspondentes designacións no prazo de tres días establecido no artigo 27.2 da devandita norma), reúnense na sesión 7/2016, de carácter extraordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu cco, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (nº 6/2016, ordinaria, do 28 de xullo de 2016).
- 2.-Sorteo para a designación dos/as membros das mesas que haberán de actuar nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016 (artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral).





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

3.- Proposta de acordos en relación ao proxecto modificado de "Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310", esixidos polas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.

### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (Nº 6/2016, ORDINARIA, DO 28 DE XULLO DE 2016).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 6/2016, ordinaria, do 28 de xullo de 2016 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referidas entre os presentes nesta .

### 2.-SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS/AS MEMBROS DAS MESAS QUE HABERÁN DE ACTUAR NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 25 DE SETEMBRO DE 2016 (ARTIGO 26 DA LEI ORGÁNICA 5/1985, DO RÉXIME ELECTORAL XERAL).

Reunido o Pleno do Concello para a realización do sorteo para a designación dos/as membros das mesas que haberán de actuar nas Eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016, de acordo co artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, por asentemento decídese entregar unha listaxe do resultado a cada grupo municipal dos que compoñen a Corporación, en lugar de lelas de viva voz.

En uso dos sistemas informáticos cos arquivos do censo electoral e o programa fornecido pola Oficina do Censo Electoral para a realización do sorteo para a designación dos/as membros das mesas que haberán de actuar nas Eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016, de acordo co artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, a listaxe resultante das persoas designadas para formar parte de cada unha das mesas electorais é a que segue (ademais sortéanse dous/dúas suplentes adicionais por cada titular, para substituír, no seu caso, ás persoas designadas que presenten excusas que sexan aceptadas pola Xunta Electoral de Zona da Coruña):

Carral 01-001-U	
PRESIDENTE	VIQUEIRA   PAMPIN   ALEJANDRO
1º VOGAL	CALVIÑO   MATA   ROBERTO
2º VOGAL	GARCIA   MANTEIGA   VANESA
PRESIDENTE 1º SJP	VAZQUEZ   MENDEZ   MARIA INMACULADA
PRESIDENTE 2º SJP	FELIZ   SURIEL   LEIDY DIANA
1º VOGAL 1º SJP	BARALLOBRE   PEDREIRA   FERNANDA
1º VOGAL 2º SJP	ESPIÑEIRA   PLATAS   HECTOR







# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

2º VOGAL 1º SUP	CALVIÑO   GARCIA   ALBERTO
2º VOGAL 2º SUP	GUIMAREY   REY   MARIO
3º SUPL PTE	SEJIDO   PAZOS   FRANCISCO JAVIER
4º SUPL PTE	RODRIGUEZ   LADO   ANA MARIA
3º SUPL 1º VOGAL	QUINTANA   BAO   MARIA LETICIA
4º SUPL 1º VOGAL	GRACIA   MACARRO   RICARDO
3º SUPL 2º VOGAL	TRINIDAD   ALARCON   ROCIO ANTONIA
4º SUPL 2º VOGAL	TOME   AGRASO   MARIA DEL MAR
<b>Carral 01-002-A</b>	
PRESIDENTE	INSUA   BELLO   NURIA
1º VOGAL	MOAR   MOSQUERA   PABLO
2º VOGAL	VARELA   VILLAMISAR   JOSE
PRESIDENTE 1º SUP	VAZQUEZ   RAMALLAL   INES
PRESIDENTE 2º SUP	MEDINA   CARRASCO   JAVIER
1º VOGAL 1º SUP	ZAS   VILAS   MARIA BEGOÑA
1º VOGAL 2º SUP	MESIAS   FERREIRO   CRISTINA
2º VOGAL 1º SUP	CASTELO   BELLO   ANTONIO
2º VOGAL 2º SUP	PARDO   CASTRO   JOSE
3º SUPL PTE	REY   MELLA   M. ROSA
4º SUPL PTE	ENRIQUEZ   LUGUE   M. MONTSERRAT
3º SUPL 1º VOGAL	GENDE   ROMAY   MARIA JOSE
4º SUPL 1º VOGAL	VAZQUEZ   GOMEZ   ANTONIO FRANCISCO
3º SUPL 2º VOGAL	MARTINEZ   SANCHEZ   JOSEFA
4º SUPL 2º VOGAL	SANCHEZ   LOPEZ   JOSE MANUEL
<b>Carral 01-002-B</b>	
PRESIDENTE	BESTILLEIRO   ORGEIRA   JAVIER
1º VOGAL	ORGEIRA   GESTAL   DANIEL
2º VOGAL	VARELA   ROSENDE   MARIA JESUS
PRESIDENTE 1º SUP	MARTINEZ   AMBROA   MARIA JOSE
PRESIDENTE 2º SUP	MANTEIGA   MANTEIGA   ANTONIO
1º VOGAL 1º SUP	MOSQUERA   VILLAVERDE   NATALIA
1º VOGAL 2º SUP	LIÑARES   REY   MARIA DEL CARMEN
2º VOGAL 1º SUP	GARABOA   CANDAL   JOSE
2º VOGAL 2º SUP	MANTEIGA   VILARIÑO   JENNIFFER
3º SUPL PTE	GUERRA   VILABOY   SERGIO
4º SUPL PTE	REY   MOSQUERA   MARIA JESUS





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

3º SUPL 1º VOGAL	MOAR   GOMEZ   JOSE ANTONIO
4º SUPL 1º VOGAL	CANDAL   RAÑA   ROCIO
3º SUPL 2º VOGAL	ROEL   BAO   M.CARMEN
4º SUPL 2º VOGAL	CANDAL   BARBEITO   JAVIER
<b>Carral 01-002-C</b>	
PRESIDENTE	GOMEZ   NUÑEZ   ALBERTO
1º VOGAL	CAMBON   COTELO   FATIMA
2º VOGAL	BARBEITO   CASTRO   BERTO
PRESIDENTE 1º S.J.P	LESTA   LOPEZ   MARIA LUISA
PRESIDENTE 2º S.J.P	REGUEIRO   CHAS   MARIA CRISTINA
1º VOGAL 1º S.J.P	MOSQUERA   BECERRA   JUAN JOSE
1º VOGAL 2º S.J.P	SIXTO   ALEN   FERNANDO
2º VOGAL 1º S.J.P	SOBRINO   BARROS   SAMUEL
2º VOGAL 2º S.J.P	FIAÑO   MOSCOSO   BEATRIZ
3º SUPL PTE	RODRIGUEZ   RAMA   MARIA DEL SAGRARIO
4º SUPL PTE	GOMEZ   REMUIÑAN   JUAN CARLOS
3º SUPL 1º VOGAL	BARBEITO   VARELA   MIGUEL EUSEBIO
4º SUPL 1º VOGAL	CALVIÑO   PARIS   ELISARDO
3º SUPL 2º VOGAL	GILDA   RODRIGUEZ   FELISARDO
4º SUPL 2º VOGAL	LOPEZ   MENA DE   RAFAEL
<b>Carral 01-003-A</b>	
PRESIDENTE	BARBEITO   ESPINO   ANA BELEN
1º VOGAL	GESTAL   SANCHEZ   ZORAIDA
2º VOGAL	BREA   RODRIGUEZ   TANIA MARIA
PRESIDENTE 1º SUP	BEN   VAZQUEZ   EVA CRISTINA
PRESIDENTE 2º SUP	CONCHEIRO   MESIAS   BRAIS
1º VOGAL 1º SUP	CHICO   LAGO   CARLOS
1º VOGAL 2º SUP	ESPIÑEIRA   RODRIGUEZ   JOSE ANDRES
2º VOGAL 1º SUP	GOMEZ   GALMAN   BEATRIZ
2º VOGAL 2º SUP	JUANATEY   LOPEZ   LAURA
3º SUPL PTE	BOTANA   GARCIA   MARCOS ANTONIO
4º SUPL PTE	CASTELO   LOURO   JESUS MANUEL
3º SUPL 1º VOGAL	BARCIA   PORTO   EMILIO
4º SUPL 1º VOGAL	BELLO   QUEIJO   JOSE LUIS
3º SUPL 2º VOGAL	BECERRA   MALLO   ALICIA
4º SUPL 2º VOGAL	GORGOSO   GARCIA   MARCOS







# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

<b>Carral 01-003-B</b>	
PRESIDENTE	MENDEZ   RODRIGUEZ   VERONICA
1º VOGAL	PATIÑO   ARRAÑA   MARIA ALICIA
2º VOGAL	REY   VARELA   MARIA DEL CARMEN
PRESIDENTE 1º SUP	VILAS   MESIAS   MARIA DEL MAR
PRESIDENTE 2º SUP	ZAPATA   REY   JOSE MANUEL
1º VOGAL 1º SUP	LOURO   TRIGO   JESUS
1º VOGAL 2º SUP	PONTE   CASTIÑEIRA   MONICA
2º VOGAL 1º SUP	LACALLE   NAVEIRA   AITOR GONZALO
2º VOGAL 2º SUP	SANDE   INSUA   MARIA ADELA
3º SUPL PTE	MOURIZ   LEGASPI   MARIA DEL CARMEN
4º SUPL PTE	MEJIDE   LOUSA   GUSTAVO
3º SUPL 1º VOGAL	RAMOS   MARTINEZ   GONZALO
4º SUPL 1º VOGAL	VEIRA   TORRES   PEDRO
3º SUPL 2º VOGAL	MEJIDE   GESTAL   JOSE CARLOS
4º SUPL 2º VOGAL	NEIRA   CASTRO   AITANA
<b>Carral 02-001-A</b>	
PRESIDENTE	VAZQUEZ   PARIS   INDALECIO ALBERTO
1º VOGAL	SEOANE   MUIÑO   JULIO
2º VOGAL	SEOANE   LOPEZ   DAVID
PRESIDENTE 1º SUP	FONTE   BERDIÑAS   MARCOS
PRESIDENTE 2º SUP	RODRIGUEZ   ARIAS   ALFONSO
1º VOGAL 1º SUP	BOUZAS   SANTOS   MARIA DEL PILAR
1º VOGAL 2º SUP	BRANDARIZ   MONTEIRO   ALEX
2º VOGAL 1º SUP	GARCIA   FERREIRO   MARIA ESTHER
2º VOGAL 2º SUP	ROEL   PRESEDO   JOSE MANUEL
3º SUPL PTE	RIFON   LASTRA   ANA BELEN
4º SUPL PTE	FACHAL   VEIGA   MARIA DEL CARMEN
3º SUPL 1º VOGAL	SANCHEZ   PENA   MELINA
4º SUPL 1º VOGAL	GARCIA   NUÑEZ   JUAN JOSE
3º SUPL 2º VOGAL	CHAS   MUIÑO   MARIA ISABEL
4º SUPL 2º VOGAL	GALMAN   SEOANE   MARIA JESUS
<b>Carral 02-001-B</b>	
PRESIDENTE	TRINCADO   NOGUEIRA   SECUNDINO
1º VOGAL	PEREIRA   AYUDE   LUIS
2º VOGAL	LOPEZ   GALMAN   ANTONIO
PRESIDENTE 1º SUP	MARTINEZ-SIERRA   LOPEZ   MARIA CONCEPCION





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

SUP	
PRESIDENTE 2º SUP	CAÑAS   SEIJO   EUSEBIO
1º VOGAL 1º SUP	BERMUDEZ   SEIJAS   FRANCISCO MANUEL
1º VOGAL 2º SUP	CAÑAS   GARCIA   MONICA
2º VOGAL 1º SUP	CANDAL   GUNDIN   ROSA MARIA
2º VOGAL 2º SUP	ANDRADE   MARTIN   RAUL
3º SUPL PTE	CANDAL   LOPEZ   YESICA
4º SUPL PTE	LAMIGUEIRO   CAÑAS   ANSELMO
3º SUPL 1º VOGAL	RODRIGUEZ   PARDO   BIBIANA
4º SUPL 1º VOGAL	BARRETO   AGUERO   EDUARDO RAMON
3º SUPL 2º VOGAL	AMIL   PREGO   ROBERTO LUIS
4º SUPL 2º VOGAL	PARIS   TABOADA   M DOLORES
<b>Carral 02-002-U</b>	
PRESIDENTE	ANDRADE   MARTINEZ   CONCEPCION
1º VOGAL	ROMERO   BECERRA   HORACIO
2º VOGAL	MONTES   FRAGUIO   MARIA ISABEL
PRESIDENTE 1º S.JP	MATEOS   REVIRIEGO   JOSE MARIA
PRESIDENTE 2º S.JP	SOUTO   SUAREZ   TANIA
1º VOGAL 1º S.JP	RODRIGUEZ   BOCIJA   M.CARMEN
1º VOGAL 2º S.JP	LOUSA   LENDOIRO   JOSE MANUEL
2º VOGAL 1º S.JP	MARTINEZ   REY   MANUEL
2º VOGAL 2º S.JP	ALVAREZ   SANJURJO   JOSE MANUEL
3º SUPL PTE	LOPEZ   RUBAL   ANTONIO
4º SUPL PTE	BERGONDO   FERREIRO   VANESSA
3º SUPL 1º VOGAL	MORANDEIRA   MENDEZ   GLORIA
4º SUPL 1º VOGAL	PARIS   BRANDARIZ   CRISTINA
3º SUPL 2º VOGAL	RODRIGUEZ   BELLO   ISABEL
4º SUPL 2º VOGAL	AGUEDO   DOLDAN   ANTONIO

### 3.- PROPOSTA DE ACORDOS EN RELACIÓN AO PROXECTO MODIFICADO DE "REURBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP1704, PK 10+480 AO 11+310", ESIXIDOS POLAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE INCLUIRÁN NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS 2012-2015.

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 19 de agosto de 2016, como segue:







# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

## "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Acordos en relación ao proxecto modificado da obra de "Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310", esixidos polas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.**

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria do 26 de outubro de 2012 aprobou as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, que foron publicadas no BOP nº 217, do 14 de novembro de 2012.

Logo de ver que, mediante unha circular do 1 de abril de 2015 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 8 de abril de 2015, nº 847), se comunicou ao Concello de Carral que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria realizada o 27 de marzo de 2015, acordou aprobar inicialmente a primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, na que se inclúe a seguinte obra que afecta a Carral:

Código	Denominación	Presuposto (Deputación fondos propios)
15.1130.0001.0	Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310	290.082,99 €

Logo de ver o proxecto técnico da obra, remitido nun CD en formato dixital.

Logo de ver a base 3.2ª das reguladoras do Plan de travesías 2012-2015, na que se indica a documentación que se ha de remitir á Deputación no prazo de 40 días naturais dende a recepción da devandita notificación.

Logo de ver o informe técnico emitido para o Concello o 23 de abril de 2015 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, así coma a certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías, esixida pola base 3.2 A.1) das que regulan o plan, e emitida o 23 de abril de 2015, con base no informe evacuado para o Concello na mesma data polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez.

Logo de ver os acordos adoptados polo Pleno do Concello de Carral na súa sesión do 15 de maio de 2015, relativos á aprobar do proxecto de **"Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310"**, remitido pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, e autorización á Deputación para executar as obras, facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución; declaración da conformidade do Concello de Carral coas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, que foron publicadas no BOP nº 217, do 14 de novembro de 2012; compromiso do Concello de Carral de aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións da travesía; e delegación no Alcalde-Presidente da formalización do correspondente convenio.

Logo de ver que, mediante unha circular do 29 de xullo de 2016 (con entrada no rexistro xeral do Concello o 1 de agosto de 2016, nº 2.086), se comunicou ao Concello de Carral que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria realizada o 29 de xullo de 2016, acordou aprobar inicialmente o proxecto modificado da obra que se indica, incluída na primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, segundo se detalla a continuación:

Código	Denominación	Presuposto	Presuposto contrata adjudicación
15.1130.0001.0	Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP1704, PK 10+480 ao 11+310	290.082,99 €	188.234,85 €
15.1130.0001.1	Modif. Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP1704, PK 10+480 ao 11+310	28.081,73 €	18.222,23 €
TOTAL		318.164,72 €	206.457,08 €







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Logo de ver o modificado do proxecto técnico da obra, remitido nun CD en formato dixital.

Logo de ver a base 3.2ª das reguladoras do Plan de travesías 2012-2015, na que se indica a documentación que se ha de remitir á Deputación no prazo de 40 días naturais dende a recepción da devandita notificación do proxecto modificado.

Logo de ver o informe técnico emitido para o Concello o 2 de agosto de 2016 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal " (...) **III. Consideracións técnicas.**

### **1. Clasificación e cualificación do solo.**

Os terreos nos que se pretende realizar as actuacións están clasificados segundo as NSMP, como solo urbano e solo de núcleo rural, e cualificados como vías de dominio público.

### **2. Finalidade da actuación e uso.**

O uso que se solicita autorización é o mesmo que o existente, xa que so se procede a remodelación do espazo urbanístico, aumentando o largo da beirarrúa nos tramos que resultan insuficientes, para cumprir a lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, resinalización e pintado de marcas viais..

### **3. Orzamento das obras.**

O Orzamento de contrata do modificado é de 28.081,73 euros o que engadido ao orzamento orixinal de 290.082,99 euros fai un total de 318.164,72 euros IVE incluído.

### **4. Xestión de residuos.**

O proxecto xustifica o cumprimento do RD 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

### **5. Normativa e autorizacións sectoriais:**

A autorización urbanística enténdese sen prexuízo das preceptivas autorizacións sectoriais. O proxecto non precisa autorizacións sectoriais para a súa aprobación.

### **f) Compatibilidade co PXOM do Concello de Carral aprobado inicialmente**

A actuación non está afectada pola suspensión de licenzas do PXOM

### **IV. Conclusións:**

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscibe este informe; **infórmase favorablemente a solicitude realizada**, nos termos indicados neste informe. "

Logo de ver, por outra banda, a certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto modificado de travesías, esixida pola base 3.2 A.1) das que regulan o plan, e emitida o 2 de agosto de 2016, con base no informe evacuado para o Concello na mesma data polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, nos seguintes termos:

"INFORME TÉCNICO

### **ASUNTO:**

Solicitude de informe para a certificación da dispoñibilidade dos terreos do proxecto MODIFICADO Nº 1 de REURBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP1704 PKs. 10+480/11+310, en Carral, interesada Deputación de A Coruña segundo escrito do 1 de agosto de 2016 con rexistro de entrada 2086.







# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

## INFÓRMASE:

### I.-Antecedentes

Consta no expediente o proxecto MODIFICADO Nº 1 de REURBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP1704 PKs. 10+480/11+310 redactado polo Enxeñeiro FRANCISCO JOSÉ CARDESÍN BERROCAL sendo Director do Proxecto D. JACOBO FEIJOO MIRANDA.

### II.-Consideracións técnicas:

#### a).-Disponibilidade dos terreos

Para as actuacións contempladas no proxecto, e a data de redacción de este informe, é posible asegurar que existe total dispoñibilidade dos terreos para a súa realización."

Á vista da devandita documentación e segundo a base 3.2.B) das que regulan o Plan de travesías 2012-2015, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

## ACORDOS

- 1.- Aprobar a modificación do proxecto de "**Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310**", remitida pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, e autorizar á Deputación para executar as obras, facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.
- 2.- Declarar a conformidade do Concello de Carral coas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, que foron publicadas no BOP nº 217, do 14 de novembro de 2012.
- 3.- Comprometer ao Concello de Carral a aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións da travesía.
- 4.- Delegar no Alcalde-Presidente a formalización do correspondente convenio."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión extraordinaria do 25 de agosto de 2016 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as nove señores/as concelleiros/as presentes na sesión.

## DEBATE

O señor Alcalde explica que se trata dun modificado da obra que solicita a Deputación para a súa ratificación polo Concello.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC-SON) manifesta que quere deixar constancia do seu rexeitamento, non da obra, senón de como se leva a cabo, pois o seu grupo se enteira destas cuestións a través dos medios de comunicación, nos que se publicou que se realizou unha xuntanza cos veciños á que eles non foron convidados. Engade que tamén se produciron xuntanzas cos afectados pola UA5, ou visitas de representantes da Xunta e da Deputación para obras, mais que o seu grupo se enteirou por medio da prensa e por fotos no facebook. Recoñece que non hai ningunha lei que obrigue ao Alcalde a convidar aos demais grupos a ese tipo de actos, mais tampouco hai ningunha que o impida. Engade que o grupo de goberno, aínda que dirá que non, seguro que tamén protestaban polo mesmo cando estaban na oposición. Reitera que eles agora están a facer o mesmo e que, se aquilo que lles facían estaba mal, na súa







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 J

[www.carral.es](http://www.carral.es)

opinión aínda está peor que eles o fagan, e que pode soar coma unha vinganza, mais iso non é posible porque a vinganza consiste en facer sofrer a mesma dor a aquel que a inflixiu antes. Non sabe se iso se fixo polos demais, coma os socialistas, mais pola súa banda non puido ser, polo que opina que vinganza non pode ser, e que, por tanto non lle queda pensar outra cousa que o Alcalde é unha mala persoa por non permitirles que as cousas se fagan dun xeito máis construtivo en Carral.

O señor Alcalde resposta que pode ter razón, mais explica que os veciños lle pediron unha reunión, pois querían saber que obras ía facer a Deputación, e transmitir a súa preocupación por se ía subir de nivel a estrada de novo. Engade que, como se lles garantiu que se ía fresar, marcharon tranquilos. Asemade, indica que non se preocupen, pois os invitarán en adiante a todos os eventos, e que non o fixo antes porque pensaba que terían outras cousas que facer. Coida que, se os veciños peden unha reunión, primeiro hai que escoitalos. Reitera que, se quere, en adiante citarao, e que se non o fixo antes non foi por vinganza, senón máis ben por non molestar.

O señor Bergondo Trillo lembra que xa en xuño os veciños manifestaron o seu medo sobre se vai aumentar o alzado da estrada, e engade que na comisión informativa entendeu que non se ía facer o fresado.

O señor Alcalde resposta que non lle pode confirmar cuestións técnica e que, se cadra, o voceiro do PSOE pode saber máis ao respecto, mais coida que está garantido que non quedará nada máis alto.

O señor Couto López (voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE) explica que no proxecto orixinal da obra non había fresado, e que a calzada subía uns cinco centímetros e qas beirarrúas arredor duns quince, e que por iso o novo goberno da Deputación modificou o proxecto para engadir o fresado e cambiar as farolas para que non quedasen no medio das beirarrúas ancheadas, e para introducir outras modificacións menores relativas á accesibilidade e ás xardineiras.

O señor Bergondo Trillo replica que, entón, se explicou mal na reunión.

O señor Alcalde reitera que nela se comprometeu a que a Deputación non levantase máis o nivel da estrada, por ser unha cuestión obxectiva.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

1.- Aprobar a modificación do proxecto de "**Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310**", remitida pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, e autorizar á Deputación para executar as obras, facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

2.- Declarar a conformidade do Concello de Carral coas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, que foron publicadas no BOP nº 217, do 14 de novembro de 2012.

3.- Comprometer ao Concello de Carral a aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións da travesía.







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

### 4.- Delegar no Alcalde-Presidente a formalización do correspondente convenio.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 10 horas e 16 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de once páxinas numeradas do un ao once , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval

